

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8222 *Lei 9/2011, do 10 de maio, de taxas consulares.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vixente regulación das taxas consulares foi establecida pola Lei 7/1987, do 29 de maio, de taxas consulares. O tempo transcorrido desde a entrada en vigor da dita lei fai que esa regulación se encontre significativamente desfasada, tanto desde un punto de vista formal como material, e sexa conveniente a súa derogación e a súa regulación integral mediante unha nova lei, rango normativo que, para esta materia, vén imposto polo artigo 31.3 da Constitución.

Para tal fin, en primeiro lugar, a nova lei busca adaptarse á presente realidade económica e social de España, o que se realiza con medidas tales como a fixación da contía das taxas en euros ou mediante a supresión das referencias a figuras xa desaparecidas, como o servizo militar obrigatorio, contidas na lei que agora se derroga.

En segundo lugar, desde unha perspectiva xurídica, a nova lei adáptase á estrutura e conceptos asentados pola Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, lei xenérica para este ámbito tributario, que, xunto coa Lei xeral tributaria e a Lei xeral orzamentaria, será de aplicación para todo o non previsto especificamente nesta disposición. De acordo con isto, na nova regulación que se establece buscouse, antes que nada, axustarse aos principios de equivalencia e de capacidade económica, fixados polos artigos 7 e 8 da citada Lei 8/1989.

En terceiro lugar, na elaboración da lei considerouse a vixente normativa interna reguladora dos distintos ámbitos substantivos en que se desenvolven os supostos gravados con estas taxas. Tal é o caso da normativa sobre navegación, da lexislación notarial, da normativa reguladora dos dereitos e liberdades dos estranxeiros en España ou da regulación da cidadanía española no exterior.

Para a determinación dos distintos elementos constitutivos destas taxas buscouse, na medida do posible, asimilalos aos que integran as taxas que para supostos idénticos ou equivalentes se aplican no interior do territorio nacional, introducindo sobre eles as modulacións necesarias, pola natureza do servizo, ou en función do suxeito pasivo, en casos tales como o do noso persoal civil, militar ou de cooperación ao desenvolvemento que se encontre desempeñando as súas tarefas no exterior, ou de integrantes da emigración española no estranxeiro.

Cabe destacar, en cuarto lugar, a sensibilidade da lei á vontade do Goberno de modernización da Administración pública nos seus distintos ámbitos, prevendo, para tal fin, a posibilidade de xestión telemática do cobramento das taxas, na forma que regulamentariamente se estableza.

Por último, na disposición adicional única establécese a regulación básica das taxas pola tramitación e, se é o caso, expedición do título de tradutor/a-intérprete xurado/a e de expedición do carné, función que corresponde, de acordo coa normativa vixente, ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Coa nova regulación que agora se introduce búscase superar a situación actual, na cal só se ve sometida á taxa a participación nos exames que se convocan, non estando, porén, sometida á taxa a tramitación dos

expedientes que non supoñen a realización de exames, nin as restantes actuacións que desenvolve o ministerio para a expedición destas acreditacións.

A lei consta dunha exposición de motivos, dunha parte dispositiva composta por 25 artigos estruturada en seis capítulos e dunha parte final integrada por unha disposición adicional, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras. No capítulo I abórdanse os elementos xerais definitorios destas taxas, tales como os principios e criterios de aplicación, os suxeitos pasivos, as regras de aplicación para o pagamento, devengo e devolución, ou para a fixación das contías. Os capítulos dous a seis detallan o relativo aos distintos grupos de feitos impositivos. Isto é: capítulo II, actuacións en materia de navegación marítima; capítulo III, actos e contratos especiais de comercio; capítulo IV, actuacións relativas á documentación das persoas e tramitación de visados; capítulo V, actos de administración e chancelaría; e capítulo VI, actos notariais.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Concepto e fontes.*

1. As taxas consulares son un tributo estatal que, nos termos establecidos nesta lei, gravan determinadas actuacións administrativas das oficinas consulares, así como os actos que realicen estas no exercicio da fe pública.

2. Para os efectos desta lei, consideraranse oficinas consulares de España os consulados xerais, os consulados, as seccións consulares das misións diplomáticas de España e, nos casos e condicións en que así se estableza, os consulados honorarios de España.

3. Na determinación do feito impositivo e dos demais elementos do réxime xurídico das taxas observarase o que se poida dispor ao respecto nos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte, a normativa da Unión Europea cando resulte de aplicación, o disposto na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e o establecido nesta Lei de taxas consulares e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 2. *Feitos impositivos.*

Constituirán feitos impositivos, suxeitos a estas taxas, as actuacións consulares propias do exercicio da fe pública polos cónsules, así como as actuacións administrativas realizadas polas oficinas consulares de España que se determinan nos capítulos seguintes desta lei. En ningún caso estarán suxeitas a taxas as actuacións que se realicen relativas ao rexistro civil. Os feitos impositivos pertencerán a algunha das categorías seguintes:

- a) Actuacións en materia de navegación marítima.
- b) Actos e contratos especiais de comercio.
- c) Actuacións relativas á documentación das persoas e tramitación de visado.
- d) Actos de administración e chancelaría.
- e) Actos notariais.

Artigo 3. *Devengo.*

As taxas consulares devengarase no momento de solicitar a prestación do servizo ou a realización da actividade, ou cando, sen solicitude previa, se deba realizar a actuación administrativa.

Artigo 4. *Suxeitos pasivos.*

1. Serán suxeitos pasivos destas taxas, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas que soliciten ou causen a actuación das oficinas consulares.

2. Se é o caso, terán a consideración de suxeitos pasivos as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado susceptible de imposición.

Artigo 5. *Exencións e bonificacións.*

1. Estarán exentas do pagamento de taxas consulares, ou bonificadas na medida en que lles corresponda, as actuacións que se sinalan nos capítulos correspondentes desta lei. Ademais, deberase ter en conta o establecido nos convenios internacionais en que España sexa parte e que prevexan unha exención total ou parcial de taxas consulares.

2. En todo caso, estarán exentas do pagamento de taxas as seguintes actuacións:

- a) As que sexan consecuencia directa da aplicación das leis electorais españolas.
- b) As que soliciten persoas beneficiarias da prestación económica para cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional, recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, e coñecidas como «nenos da Guerra».
- c) A expedición de documentos e certificados que necesiten os cidadáns españois para regresar definitivamente a España.
- d) As que se practiquen por solicitude das persoas beneficiarias da prestación por razón de necesidade (por ancianidade ou por incapacidade absoluta) ou da pensión asistencial por ancianidade para españois de orixe retornados.
- e) As que se practiquen por solicitude dos cidadáns españois residentes no estranxeiro que se encontren acollidos ás disposicións reguladoras do desemprego ou da asistencia social nos países de recepción.
- f) As que soliciten persoas que se poidan acoller ao beneficio de xustiza gratuíta, de conformidade coas leis españolas.
- g) As que teñan carácter oficial e se practiquen con motivo dos desprazamentos por razón do servizo do persoal, civil e militar, das administracións públicas e con ocasión de visitas de buques da Armada e de participación en misións ou operacións de paz ou humanitarias.
- h) As que sexan solicitadas por funcionarios das administracións públicas desprazados ao estranxeiro en cumprimento das súas funcións.
- i) As que se practiquen de oficio ou por requirimento de autoridade española ou, coa condición de reciprocidade, por súplica de autoridade, representación diplomática ou oficina consular estranxeira.
- j) As que, de acordo cos usos e costumes admitidos no dereito internacional, teñan unha orixe inmediata e directa en razóns de cortesía internacional ou de interese do servizo.

3. Estarán exentas do pagamento de taxas a expedición, legalización ou visado da documentación que para identificarse, para viaxar ou para desempeñar o seu labor precisen:

a) Aqueles que, en calidade de cooperantes, de acordo co disposto na normativa reguladora do Estatuto dos cooperantes, estean no estranxeiro no marco de programas ou proxectos españois de cooperación ao desenvolvemento.

b) Os voluntarios, considerados como tales na normativa reguladora da cooperación ao desenvolvemento e do voluntariado, que participen na xestión ou execución de programas ou proxectos españois de cooperación ao desenvolvemento.

c) Os españois bolseiros no estranxeiro cando a bolsa estea exenta de tributación de acordo co disposto na lexislación reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do mecenado.

d) Os nacionais de países terceiros con bolsas concedidas por institucións españolas cando a bolsa estea exenta de tributación de acordo co disposto na lexislación reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do mecenado.

e) Os españois membros de entidades relixiosas con personalidade xurídico-civil, que exerzan labores de asistencia no estranxeiro.

f) Os capitáns, comandantes e tripulacións de buques e aeronaves naufragados ou sinistrados.

4. En todo documento expedido, visado ou legalizado con exención ou bonificación de taxas consulares, farase constar esta circunstancia mediante dilixencia, cuño ou resumo que o indique e no cal deberá figurar o punto e número do artigo desta lei que ampara o beneficio fiscal.

Artigo 6. *Bases, tipos de gravame e cotas. Contía das taxas.*

1. As taxas consulares exixíranse segundo cotas fixas, sinaladas para o efecto, ou en función de tipos de gravame.

2. Para a determinación da contía das taxas atenderase, con carácter xeral, aos principios de equivalencia e capacidade económica, así como ás restantes previsións establecidas para o efecto na Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos, sen prexuízo das adaptacións que, se é o caso, se deban realizar en aplicación do establecido por convenio internacional, bilateral ou multilateral, ou polo dereito da Unión Europea.

3. Cando a base da taxa estea constituída polo valor atribuído a bens ou dereitos, observarase o valor declarado polo interesado, sen prexuízo do dereito da Administración a comprobar ese valor a través dos medios establecidos no artigo 57 da Lei 58/2003, xeral tributaria.

4. A contía das taxas fixarase en euros. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación fixará o cambio aplicable á moeda local con base nos tipos de cambio fixados polas autoridades monetarias. O tipo de cambio aplicado revisarase trimestralmente e modificarase sempre que, en relación co euro, se producise unha modificación do seu valor de cambio, en máis ou en menos, igual ou superior ao 10% e, en todo caso, actualizarase anualmente. Cando exista unha variación significativa dos valores de cambio, poderá revisar excepcionalmente o tipo de cambio aplicable á moeda local antes da finalización dun trimestre natural o órgano competente do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, revisión que se deberá motivar.

A nova cotización deberase facer pública mediante aviso, fixado tanto na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación como na páxina web e no taboleiro de anuncios da oficina consular correspondente.

5. As contías exixibles por cada taxa actualizaranse de conformidade coas variacións nos tipos de cambio de acordo co establecido no número anterior deste artigo.

6. As leis de orzamentos xerais do Estado poderán modificar os importes das taxas recollidas nos capítulos II, III e V e disposición adicional única, de acordo co establecido no artigo 19.5 da Lei 8/1989, de taxas e prezos públicos. Nos restantes capítulos observarase o disposto neles.

Artigo 7. *Reciprocidade.*

1. Cando un país teña establecidas taxas consulares que excedan máis do dobre a contía das determinadas para cada taxa nesta lei, as cotas e porcentaxes correspondentes poderanse substituír, para os nacionais do dito país, por outras da mesma contía que as que este exixa aos españois.

2. En materia de taxas por tramitación de visado, a aplicación ou non do principio de reciprocidade e as porcentaxes de desvío para a súa aplicación establecidas no número

anterior só serán de aplicación en ausencia dunha regulación específica no dereito da Unión Europea.

Artigo 8. *Pagamento e devolución.*

1. A taxa consular satisfacerase en efectivo ou mediante efectos timbrados. As taxas aboaranse na moeda nacional do país en que se expiden ou en moeda convertible, sobre a base dos tipos de cambio oficiais establecidos e publicados.

2. Mediante posterior desenvolvemento regulamentario poderanse introducir sistemas garantidos de pagamento telemático para o pagamento das taxas, e poderase establecer convenios de colaboración con entidades bancarias.

3. En todos os documentos expedidos, visados ou legalizados polas oficinas consulares deberase acreditar a percepción dos correspondentes dereitos mediante inscrición impresa, sen que se poida engadir a esta ningunha inscrición manual.

4. Naquelas oficinas consulares que, por ser de nova creación ou que por imposibilidade técnica, non contén con medios mecánicos para validar o pagamento, será imprescindible que quede constancia del mediante adhesión nos distintos documentos dos selos fiscais consulares correspondentes ao total dos dereitos percibidos, incluíndo, se é o caso, as recargas autorizadas nesta lei. Terase especial coidado en non superpor uns selos a outros. Os selos consulares serán de serie única e, unha vez adheridos, anularanse cun cuño onde figurará a suma da cantidade en moeda local.

5. Para todos os actos ou dilixencias suxeitos ao pagamento de dereitos consulares deberase entregar ao interesado recibo impreso. Neste recibo deberá constar o importe total dos dereitos percibidos, e deberase entregar mesmo naqueles casos en que fose necesario adiantar ou atrasar o pagamento.

6. En caso de que se expidisen documentos que dean lugar a devengos sucesivos das taxas consulares, farase constar neles, mediante dilixencia expedida para o efecto, a percepción por separado das taxas devengadas.

7. Procederá a devolución das taxas que se exixiron cando non se realice o seu feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo, ou cando así o estableza o dereito da Unión Europea.

Artigo 9. *Custos complementarios.*

Os custos que se orixinen polas actuacións complementarias que se deban realizar, tales como o uso de mensaxaría, correo electrónico, correo urxente, telefax, telegramas, conferencias telefónicas, uso de redes de telecomunicación ou calquera outro, tarifarase polo importe efectivo do gasto ocasionado.

Artigo 10. *Normas sobre recadación.*

1. As taxas consulares ingresaranse no Tesouro público.

2. Determinarase regulamentariamente a forma de recadación, custodia e ingreso dos dereitos recadados, os cales serán intervidos polo Ministerio de Economía e Facenda.

Artigo 11. *Publicidade das tarifas das taxas consulares.*

A lista das tarifas das taxas consulares e un exemplar desta lei deberán estar dispoñibles ao público na páxina web do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e na das oficinas consulares, así como no taboleiro de anuncios destas últimas.

CAPÍTULO II

Taxa por actuacións en materia de navegación marítimaArtigo 12. *Feito impoñible.*

Constitúen o feito impoñible desta taxa as seguintes actuacións en materia de navegación marítima:

- a) As legalizacións, polas oficinas consulares, dun diario de bitácora, dun novo rol ou de calquera outro libro ou documento legalmente exixible dun barco.
- b) As expedicións de pasavantes polas oficinas consulares naqueles supostos en que estas realicen o abandeiramento provisional dunha embarcación.
- c) As prórrogas de certificados sobre construción, seguridade ou características dun buque, feitas por petición do seu capitán e con base no certificado de recoñecemento expedido por unha sociedade de clasificación.
- d) O nomeamento ou substitución do capitán dun buque e a correspondente anotación na patente de navegación.
- e) As actuacións de enrolamento ou desenrolamento, en buques de bandeira nacional, de oficiais ou asimilados, así como as do resto do persoal da súa dotación, ou as doutras persoas que viaxen no barco en concepto distinto ao de pasaxeiros.
- f) A instrución de expediente, por petición do capitán ou de parte interesada, sobre arribada forzosa, avarías no barco ou na carga e demais accidentes de mar.
- g) A autorización dunha protesta de avarías.
- h) A anotación da presentación do diario de navegación.

Artigo 13. *Exencións.*

Estarán exentas do pagamento da taxa as actuacións seguintes:

- a) A autorización dun diario ou calquera libro de navegación destinado aos oficiais en prácticas ou aos alumnos de náutica, máquinas ou radioelectrónica.
- b) O visado das tarxetas e documentos dos alumnos de náutica, máquinas ou radioelectrónica e das escolas de aviación civil, facendo constar o tempo da súa formación profesional.
- c) O enrolamento ou desenrolamento de alumnos de náutica, máquinas ou radioelectrónica.
- d) Os expedientes instruídos de oficio sobre accidentes de mar ou naufraxios e os que orixine a acción governativa dos cónsules que visiten os barcos nacionais.

Artigo 14. *Contía da taxa.*

A contía da taxa polas actuacións descritas no artigo anterior será a seguinte:

- a) Autorización dun diario de bitácora, un novo rol ou calquera outro tipo de barco. Por cada autorización: 50 euros.
- b) Expedición de pasavantes polas oficinas consulares, en supostos de abandeiramento provisional. Por cada pasavante: 100 euros.
- c) Prórrogas de certificados sobre construción, seguridade ou características dun buque, feito por petición do capitán e con base no certificado de recoñecemento expedido por unha sociedade de clasificación. Por cada prórroga expedida: 30 euros.
- d) Nomeamento ou substitución do capitán dun buque e a súa correspondente anotación na patente de navegación. Por cada anotación: 50 euros.
- e) Enrolamentos ou desenrolamentos en buques de bandeira nacional:
 - Por cada oficial ou asimilado: 30 euros.
 - Por cada persoa que non teña o rango de oficial ou asimilado: 20 euros.

f) Instrución de expedientes, por petición do capitán ou de parte interesada, sobre arribada forzosa, avarías no barco ou na carga e demais accidentes de mar:

- Pola apertura de cada expediente: 30 euros.
- Nas autorizacións de protestas de avarías, ata dúas follas: 80 euros. Por cada folla máis: 15 euros.
- Por cada anotación no diario de navegación: 25 euros.

CAPÍTULO III

Taxa por actos e contratos especiais de comercio

Artigo 15. *Feito impoñible.*

Constitúen o feito impoñible desta taxa os seguintes actos e contratos especiais de comercio:

- a) A expedición dun certificado acreditativo da orixe de mercadorías que se vaian importar a España.
- b) O visado dun certificado de orixe expedido por outras autoridades competentes para iso.
- c) As xestións para obter o cobramento dun crédito. Para a súa fixación estableceranse porcentaxes variables, en función da contía que, efectivamente, se consiga cobrar.

Artigo 16. *Contía da taxa.*

A contía da taxa polas actuacións descritas no artigo anterior será a seguinte:

- a) Pola expedición de cada certificado de orixe: 80 euros.
- b) Polo visado dun certificado de orixe: 40 euros.
- c) Nas xestións para obter o cobramento dun crédito aplicaranse as porcentaxes seguintes sobre os montantes efectivamente cobrados, atendendo aos seguintes tramos de cantidades:
 - Ata 6.000 euros, o 1%.
 - Desde 6.001 euros ata 30.000 euros, o 0,75%.
 - Desde 30.001 euros ata 60.000 euros, o 0,50%.
 - Desde 60.001 euros ata 120.000 euros, o 0,25%.
 - Desde 120.001 euros ata 600.000 euros, o 0,10%.
 - A partir de 600.001 euros, o 0,05%.

CAPÍTULO IV

Taxa por actuacións relativas á documentación das persoas e tramitación de visados

Artigo 17. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible desta taxa a tramitación da solicitude de expedición de pasaportes e a tramitación de visado. A tramitación da solicitude de pasaporte inclúe a expedición dun novo pasaporte nos seguintes casos:

- a) Expiración da validez do pasaporte.
- b) Uso de todas as follas do pasaporte.
- c) Alteración, emendas, falta de follas ou cuberta, ou existencia de escritos, anotacións indebidas ou outros defectos que dificulten a completa identificación do titular do pasaporte.
- d) Extravío ou subtracción do pasaporte en vigor.

e) Expedición, por motivos de seguridade ou outros debidamente xustificadas, dun segundo pasaporte a unha mesma persoa, coas limitacións de validez temporal ou territorial que en cada caso procedan.

Artigo 18. *Exencións e bonificacións.*

1. Estará exenta do pagamento da taxa:

- a) A expedición de salvoconductos, válidos unicamente para regresar a España.
- b) A expedición de pasaportes no caso de cartilla defectuosa ou erro neles por causas non imputables ao solicitante.
- c) A tramitación dos visados de cortesía, os visados solicitados por estranxeiros que posúan o estatuto de asilado ou refuxiado en España, os visados de acreditación, os visados solicitados por técnicos ou científicos estranxeiros convidados ou contratados polo Estado español, e os visados que precisen os funcionarios civís ou militares das administracións estatais estranxeiras que teñan a España desenvolver actividades en virtude de acordos de cooperación co Estado español.

2. Reducirase a contía das taxas de tramitación de visado ou mesmo se estará exento do seu pagamento naqueles supostos en que así se prevexa por convenio internacional bilateral ou multilateral, de acordo co establecido neste, así como nos casos de solicitudes presentadas por nacionais de países terceiros aos cales o dereito da Unión Europea lles concedese este beneficio.

3. Quedarán eximidas do pagamento desta taxa as actuacións que, de acordo cos usos e costumes admitidos en dereito internacional, teñan unha orixe inmediata e directa en razóns de política exterior ou de carácter humanitario.

Artigo 19. *Contía da taxa.*

1. A contía da taxa pola tramitación das solicitudes de pasaporte presentadas nas oficinas consulares será igual á taxa legalmente establecida para a tramitación en España. A súa modificación virá determinada pola variación dos importes pola súa tramitación en España, realizada de acordo co procedemento que se estableza para tal efecto.

2. A contía e modificación da taxa pola tramitación de visado axustarase, sen prexuízo do disposto no dereito da Unión Europea, ao establecido na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

CAPÍTULO V

Taxa por actos de administración e chancelaría

Artigo 20. *Feito impoñible.*

Constitúen o feito impoñible desta taxa as actuacións que, no exercicio das súas funcións administrativas, sexan realizadas polas oficinas consulares por solicitude dos interesados, consistentes na expedición de certificados, en traducións consulares de documentos, en actuacións de administración e xestión de bens ou depósitos, ou na legalización de sinatura de documentos administrativos.

Artigo 21. *Exencións.*

Quedarán exentas do pagamento da taxa as actuacións seguintes:

- a) As traducións de certificados que se deban presentar ante o Rexistro civil español.
- b) As xestións que se realicen para obter o cobramento de indemnizacións por accidentes de traballo.

c) Os actos administrativos necesarios para o recoñecemento, tramitación e pagamento das prestacións recollidas nos convenios da Seguridade Social dos cales España sexa parte.

d) Os certificados de alta como transeúntes e os certificados de alta e de baixa como residentes no rexistro de matrícula do consulado.

Artigo 22. *Contía da taxa.*

A contía das taxas polas actuacións descritas no artigo anterior serán as seguintes:

a) Pola expedición de calquera tipo de certificado non recollido especificamente noutras rúbricas: 10 euros, máis 3 euros por cada folio suplementario.

b) Pola expedición dun certificado de lei ou costume: 35 euros por folio.

c) Polas traducións simples de documentos públicos ou oficiais:

– Dun idioma estranxeiro para o español, por cada folla de 24 liñas: 50 euros.

– Do español para un idioma estranxeiro, por cada folla de 24 liñas: 95 euros.

– A compulsas e outorgamento de carácter oficial á tradución feita por un particular, por cada folla de 30 liñas: 30 euros.

d) Polas xestións realizadas para obter o cobramento de bens relictos dunha sucesión testada e ab intestato: o 1% do seu importe.

e) Pola administración consular directa de oficio ou con carácter particular de bens procedentes de sucesións testadas ou ab intestato ou de calquera outra orixe, anualmente sobre o importe das súas rendas ou xuros: o 2,5%.

f) Polo depósito voluntario de diñeiro, alfaias ou valores, sobre o valor deste, por unha soa vez: o 3%. Se o depósito consiste só en documentos: 20 euros.

g) Pola legalización de sinatura de documentos administrativos:

– Legalizacións: 7 euros por sinatura.

– Lexitimación de sinatura: 6 euros, máis 3 euros por cada sinatura adicional no mesmo documento.

– Cotexo e compulsas de documentos: 3 euros por dilixencia de cotexo.

CAPÍTULO VI

Taxa por actos notariais

Artigo 23. *Feito imponible.*

Constitúen o feito imponible desta taxa as actuacións que, no exercicio das súas funcións notariais, sexan realizadas polas oficinas consulares, xa consistan estas nas relacionadas co exercicio da fe pública nos contratos, testamentos e demais actos xurídicos que autoricen; na redacción das escrituras e actas matrices; na expedición de copias e testemuños; nas legalizacións ou lexitimacións de sinaturas; ou en calquera outra que a lexislación lles atribúa neste ámbito.

Artigo 24. *Exencións e bonificacións.*

1. Estará exenta do pagamento de taxa a autorización de poderes para o cobramento das pensións e indemnizacións que correspondan a persoas físicas, sempre que a súa contía non supere a contía máxima prevista no sistema de pensións da Seguridade Social en España.

2. Serán de aplicación as exencións ou bonificacións que, se é o caso, a lexislación estableza para os aranceis notariais correspondentes, así como as establecidas no artigo 5 desta lei.

Artigo 25. *Contía da taxa.*

1. A contía da taxa polas actuacións descritas no artigo anterior será a establecida na normativa vixente en materia de aranceis notariais.

2. A modificación das contías virá determinada pola variación dos importes dos aranceis notariais realizada de acordo co procedemento específico establecido na normativa vixente.

Disposición adicional única. *Taxa pola tramitación e, se é o caso, expedición do título de tradutor/a-intérprete xurado/a e de expedición do carné.*

1. Constitúen o feito impoñible desta taxa as seguintes actuacións por parte do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación:

- a) A tramitación e, se é o caso, expedición do título de tradutor/a-intérprete xurado/a.
- b) A expedición, substitución, duplicación ou modificación do carné de tradutor/a-intérprete xurado/a.

Entenderase por substitución do carné a expedición do novo modelo de carné conforme o Real decreto 2002/2009, do 23 de decembro, polo que se modifica o Regulamento da Oficina de Interpretación de Linguas do Ministerio de Asuntos Exteriores, aprobado polo Real decreto 2555/1977, do 27 de agosto.

Entenderase por duplicación do carné a expedición dun novo carné pola súa perda ou roubo.

Entenderase por modificación do carné a variación dos datos do tradutor/a-intérprete xurado/a recollidos nel.

2. No suposto recollido na letra a) do número anterior, o devengo da taxa producirase no momento da presentación da solicitude de tramitación do título de tradutor/a-intérprete xurado/a, e deberase presentar xunto a esta o xustificante do pagamento. No suposto recollido na letra b) do número anterior, o devengo da taxa producirase no momento de realizar o trámite de verificación de sinatura e selo e a recollida do nomeamento e/ou o carné na delegación ou subdelegación do Goberno ou oficina consular que corresponda, debendo presentar o recibo xustificativo do pagamento.

3. Serán suxeitos pasivos da taxa:

- a) No suposto da letra a) do número 1 deste artigo, as persoas físicas que inicien un procedemento co fin de obter o dito título por calquera vía prevista na normativa vixente.
- b) No suposto da letra b) do número 1 deste artigo, as persoas físicas que obtivesen o título por calquera vía prevista na normativa vixente.

4. Estarán exentos da taxa por expedición do título aqueles que accedan á condición de tradutor/a-intérprete xurado/a mediante a superación dos exames convocados para tal efecto polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

5. No suposto da letra a) do número 1, a contía da taxa será equivalente á recollida por dereitos de exame no artigo 18 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. No suposto da letra b) do número 1, a contía da taxa será de 6 euros. O contido do artigo 6 desta lei será de aplicación ao disposto neste número.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 7/1987, do 29 de maio, de taxas consulares, e calquera outra norma de igual ou inferior rango no que contradiga ou se opoña ao disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.3.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o seu desenvolvemento.*

Sen prexuízo do previsto con carácter específico respecto á determinación e á contía das taxas nos artigos 19 e 25, autorízase o Goberno para ditar, por proposta dos ministros de Asuntos Exteriores e de Cooperación e de Economía e Facenda, as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 10 de maio de 2011.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO